
CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	5
<i>Prácticas remuneradas</i>	5
<i>Emprego</i>	5
<i>Financiamento</i>	6
Participación dos cidadáns	8
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	8
Actos xurídicos	9
<i>Actos lexislativos</i>	9
<i>Outros actos</i>	9
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	11
Procesos por infracción contra España	12
Estatísticas do Eurostat	13
<i>Indicadores económicos</i>	13
<i>Outros datos</i>	13
Documentos do Tribunal de Contas da UE	15
Sondaxes do Eurobarómetro	16
Suxestións bibliográficas	17
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	17
<i>Outras obras</i>	19
Actividades do CEDE	20

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido.

ACTUALIDADE

Mocións de censura contra a presidenta da Comisión

O Parlamento Europeo rexeitou, por ampla maioría, dúas mocións de censura — unha da extrema dereita e outra da esquerda — contra a presidenta da Comisión, a conservadora alemá Ursula von der Leyen. Ningunha das mocións contra a presidenta obtivo os 361 votos mínimos necesarios dos 720 eurodeputados; a primeira recibiu 179 votos e a segunda, 133.

Comunicado de prensa [no sitio da eurocámara](#).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés).

Acordo de paz para Gaza

A UE congratulouse co acordo sobre a primeira fase do plano para pór fin ao conflito en Gaza, proposto polo presidente dos EUA Donald Trump, que aspira a asegurar un cesamento do fogo inmediato e a liberación de todos os reféns retidos polo Hamas. A UE eloxiou a iniciativa diplomática liderada polos EUA e apoiada, entre outros estados, polo Exipto, Xordania, o Reino da Arabia Saudita, Qatar, Turquía e os Emirados Árabes Unidos. A UE continuará a apoiar a entrega de axuda humanitaria, traballando en estreita colaboración coas axencias da ONU e as ONG internacionais, en conformidade co dereito internacional. A UE mostrouse disposta a contribuír á estabilización e reconstrución de Gaza, e asegurou que continuará a apoiar a Autoridade Palestina.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés).

Acordo comercial coa Ucraína

A UE e a Ucraína actualizaron o marco comercial establecido para garantir unha liberalización comercial «máis ampla e mutuamente beneficiosa», tendo tamén en conta os sectores agrícolas europeos máis sensibles. Os tres elementos do acordo son: fluxos comerciais mellorados, padróns de produción harmonizados e unha cláusula de salvagarda robusta. Para evitar que o comercio afecte os produtos da UE sensibles, os distintos niveis de acceso ao mercado único para produtos específicos serán coidadosamente calibrados, afirmou a Comisión.

Máis información [no *EuroEFE*](#).

Defensa

Os 27 estados membros da UE e o Parlamento Europeo chegaron a acordo para lanzar o Programa Europeo da Industria de Defensa, unha iniciativa que pretende fortalecer o sector cun financiamento de 1.500 millóns de euros para o período de 2025-2027. Este proxecto quere incentivar a cooperación entre os estados membros e a industria para adquisicións, desenvolvemento e produción conxuntos, e incluírá un instrumento específico dedicado á Ucraína cun valor de 300 millóns de euros.

Máis información [no *Le Monde*](#) (en francés) e [no *EuroEFE*](#).

Premio Sakharov

O xornalista bielorruso Andrzej Poczobut e a xornalista xeorxiana Mzia Amaglobel foron galardoados co Premio Sakharov para a Liberdade de Consciencia, concedido anualmente polo Parlamento Europeo en recoñecemento dunha contribución excepcional na área dos dereitos humanos.

Comunicado de prensa [no sitio do Parlamento Europeo](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Rexistro electrónico de fronteiras

Entrou en vigor o novo sistema dixital de fronteiras da UE, o Sistema de Entrada/Saída. Será aplicable aos viaxeiros de países terceiros que entran ou saen da UE. A partir de agora, os estados membros comezarán a rexistrar electronicamente os datos das persoas que entran na UE para estadias de curta duración (90 días nun período de 180 días). Na práctica, co novo sistema os nacionais de países terceiros terán os seus datos de pasaporte, datos biométricos (ímaxe facial e impresións dixitais) e datos de entrada ou saída rexistrados no sistema. O rexistro será efectuado na primeira entrada e na primeira saída; despois, para cada entrada e saída subsecuentes, só será necesaria unha verificación rápida. O novo sistema substitúe o uso de carimbos nos pasaportes.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no The Guardian](#) (en inglés) [no EuroEFE](#).

Normas sobre propaganda política

Entrou en vigor o regulamento que exige maior transparencia na publicidade política, co obxectivo de combater a manipulación e a interferencia estranxeira nas eleccións e referendos realizados nos estados do bloque. A medida levou as compañías estadounidenses Meta e Google a prohibiren os anuncios políticos aínda antes da súa entrada en vigor. A norma xerou controversia entre varias ONG que cren que as súas campañas perderán a visibilidade online ofrecida polas dúas empresas estadounidenses, e porque os contidos de extrema dereita continúan a aparecer en formatos audiovisuais que as plataformas non recoñecen como publicidade.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE](#).

Acordo sobre os produtos do Sáhara Occidental

A UE e o Reino de Marrocos chegaron a un acordo para ampliar o tratamento tarifario preferencial ao territorio do Sáhara Occidental. O acordo será aplicado provisoriamente para garantir continuidade e seguranza aos comerciantes. O acordo estipula que a proba de orixe e a rotulaxe dos produtos indicarán a rexión de produción (Dakhla e El Aaiún) e tamén garante que se concederán vantaxes aos beneficiarios interesados neste territorio.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Estratexias para a IA

A Comisión presentou dúas estratexias para garantir que a UE se sitúa na vangarda da IA en sectores chave, incluíndo o da ciencia impulsada pola IA. A Estratexia de Utilización da IA define como acelerar a utilización da IA nos principais sectores da UE, entre eles o sector público. A Estratexia de IA na Ciencia céntrase en posicionar a UE na vangarda da investigación impulsada

pola IA e da excelencia científica. Con estas estratexias, a Comisión está a cumprir o seu Plano de Acción «Continente IA», definindo un rumbo para tornar a UE en líder mundial da IA.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no EuroEFE](#).

Estratexia para a Igualdade das Persoas LGBTIQ+ para 2026-2030

A Comisión adoptou a súa Estratexia para a Igualdade LGBTIQ+ para 2026-2030. Esta estratexia asenta nos sólidos alicerces da primeira Estratexia para a Igualdade LGBTIQ+ 2020-2025, e que-re promover e garantir que a igualdade LGBTIQ+ estea integrada en todas as políticas da UE.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Axudas para Exipto

A UE e Exipto realizaron o seu primeiro cume en Bruxelas, onde intensificaron a cooperación e asinaron un novo paquete de axuda macrofinanceira para o estado africano cun valor de 4.000 millóns de euros. En troco deste diñeiro, so a forma de empréstimos a xuros baixos, xipto comprometeuse a aplicar unha serie de medidas para alcanzar a estabilidade e a resiliencia macroeconómica.

Máis información [no EuroEFE](#).

Axudas á transición enerxética en África

A presidenta da Comisión, a alemá Ursula von der Leyen, anunciou un paquete de 618 millóns de euros do programa «Team Europe» para acelerar a transición para as enerxías limpas en África. Este anuncio, marca un paso importante na campaña «Ampliación das Enerxías Renovables en África», organizada xuntamente co presidente surafricano Cyril Ramaphosa e coordinada coa organización internacional de defensa de intereses «Global Citizen».

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Relatorios sobre o ambiente

De acordo co informe máis completo da Axencia Europea do Ambiente (EEA, polas siglas en inglés) sobre o «estado do ambiente», os impactos da aceleración das alteracións climáticas representan un desafío urxente. A pesar dos progresos significativos alcanzados na redución das emisións de gases e da polución atmosférica, o estado xeral do ambiente na UE non é bo, especialmente en relación á natureza, que continúa a sufrir degradación, sobreexplotación e perda de biodiversidade. As perspectivas para a maioría das tendencias ambientais son preocupantes e representan riscos importantes para a prosperidade económica, a seguranza e a calidade de vida na UE. • Todas as áreas do océano están ameazadas polas alteracións climáticas, pola perda de biodiversidade e pola polución, de acordo cun relatorio sobre o Estado do Océano, publicado polo Servizo de Monitorización do Ambiente Mariño Copernicus, o sistema de observación da Terra da UE. • A Axencia Europea para a Seguranza da Aviación (EASA) publicou o seu primeiro relatorio anual sobre a implementación do Regulamento ReFuelEU para a Aviación. De acordo co relatorio, a implementación do regulamento impulsou a capacidade de produción de combustibles de aviación sustentables na UE. Esta tendencia positiva confirma que a UE está no bo camiño para atinxir até 2030 a meta dunha mestura de 6 % de combustibles de aviación sustentables.

Comunicado de prensa [no sitio da EEA](#) (en inglés).

Máis información sobre o relatorio da EEA [no *The Guardian*](#).

Comunicado de prensa sobre os océanos [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Comunicado de prensa sobre a aviación [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Premios da Nova Bauhaus Europea

A Comisión anunciou os vencedores da quinta edición anual do Premio Nova Bauhaus Europea 2025, o cal recoñece proxectos e iniciativas excepcionais que combinan sustentabilidade, inclusión e estética, demostrando como a vida de individuos e comunidades pode ser enriquecida pola unión da cultura e a innovación. A necesidade urxente de vivenda máis accesible e sustentable foi tamén recoñecida cun premio especial. En España, o proxecto Eixes e Prazas Verdes, en Barcelona, foi un dos premiados. Entre os municipios, Lorquí (Murcia) recibiu un premio pola revitalización do Palacete de la Arboleda, e Beizama (Guipúzcoa) foi recoñecida por un proxecto habitacional que promove a economía circular e a sustentabilidade.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Parlamento da UE](#). Prazo até 31 de outubro.
- [Ombudsman da UE](#). Prazo até 6 de novembro.
- [Tribunal de Contas da UE](#). Prazo até 30 de novembro.

Emprego

Procesos de selección de persoal contratado (CAST)

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado \(CAST\)](#). Sen prazo.

Procesos de selección para outros empregos

- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal na Comisión](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en diferentes institucións e organismos da UE](#). Varios prazos.
- [Procesos de selección da EPSO para persoal contratado e temporal en axencias da UE](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores no Centro Común de Investigación da Comisión \(*Joint Research Centre, JRC*\)](#). Varios prazos.
- [Empregos para investigadores científicos ofrecidos por Euraxess](#). Varios prazos.
- [Servizo Europeo para a Acción Externa](#). Varios prazos.

Financiamento

Relacións externas

- Instrumento de axuda preadhesión. Prazo até 28 de novembro.
- Eficiencia do sistema xudicial en Marrocos. Prazo até 5 de decembro.
- SWITCH-Asia. Prazo até 10 de decembro.
- Centro Nacional do Rexistro Mercantil en Alxeria. Prazo até 12 de xaneiro.
- Colaboración grupos de reflexión da UE e o Reino Unido. Prazo até 30 de xaneiro.

Sociedade dixital

- Innovación para o desenvolvemento de modelos de IA xenerativa. Prazo até 28 de novembro.
- Carteiras de identidade dixital europeas. Prazo até 9 de decembro.
- Máster europeo DIGISOC. Prazo até 15 de decembro.
- Capacidades cibernéticas estratéxicas. Prazo até 31 de marzo.

Cidadáns

- Creación dun espazo fiable nas redes sociais. Prazo até 1 de decembro.

Investigación e innovación

- Fediverso. Prazo até 1 de decembro.
- Convocatoria de residencias artísticas TIDAL. Prazo até 15 de novembro.
- Fondo NGI Zero Commons. Prazo até 1 de decembro.
- NGI Mobifree. Prazo até 1 de decembro.
- PoliRuralPlus. Prazo até 1 de decembro.
- REINFORCING. Convocatoria para incubadoras. Prazo até 2 de decembro.
- MSCA Choose Europe for Science 2025. Prazo até 3 de decembro.
- Gran desafío cuántico. Prazo até 8 de xaneiro.
- Convocatoria de réplica EUROLakes. Prazo até 15 de xaneiro.
- Vales Europeos de Saúde Dixital. Prazo até 15 de xaneiro.
- Premio á participación pública na investigación. Prazo até 15 de xaneiro.
- Servizos e datos procedentes de satélites. Prazo até 24 de febreiro.

Cultura

- Desenvolvemento de proxectos cinematográficos europeos. Prazo até 3 de decembro.

- Proxectos de contidos televisivos e en liña. Prazo até 3 de decembro.
- Creación de redes e mercados audiovisuais. Prazo até 20 de xaneiro.
- Difusión de obras literarias europeas. Prazo até 29 de xaneiro.
- Proxectos xornalísticos. Prazo até 4 de febreiro.
- Cooperación entre empresas audiovisuais europeas. Prazo até 25 de febreiro.
- Alfabetización mediática. Prazo até 11 de marzo.
- Redes e operadores europeos de vídeo so demanda. Prazo até 8 de abril.
- Laboratorio de Innovación Creativa. Prazo até 23 de abril.

Política agraria común

- Información produtos agrícolas 2026. Prazo até 14 de xaneiro.

Política rexional e de cohesión

- Información sobre a política de cohesión da UE 2025. Prazo até 15 de xaneiro.
- Desenvolvemento de capacidades CAP2B. Prazo até 19 de marzo.

Institucións, organismos e axencias da UE

- Avaliación de riscos en doenzas transmitidas por vectores. Prazo até 15 de xaneiro.

Emprego e asuntos sociais

- Mecanismo para unha Transición Xusta 2025. Prazo até 27 de xaneiro.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

Máis información sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Mercado único

- Regulamento sobre o bloqueio xeográfico: **Avaliación**. Prazo até 29 de decembro.

Investigación e innovación

- Lei do Espazo Europeo de Investigación. Prazo até 5 de xaneiro.

Enerxía

- Iniciativa legislativa sobre a infraestrutura e os mercados de transporte de CO₂. Prazo até 9 de xaneiro.

Empresas

- Lei de Materiais Avanzados. Prazo até 13 de xaneiro.

Concorrencia

- Regras de axudas estatais para a radiodifusión de servizo público: **Avaliación**. Prazo até 14 de xaneiro.

Asuntos do interior

- Cooperación policial: Novo Regulamento de Europol (proposta). Prazo até 15 de xaneiro.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos publicados no último mes considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2025/2077 do Parlamento Europeo e do Consello, de 8 de outubro de 2025, relativo a determinadas medidas para a conservación das cotas de peixe en relación aos países que autorizan a pesca non sustentable.
- Regulamento (UE) 2025/1996 do Consello, de 29 de setembro de 2025, relativo ás oportunidades de pesca de determinadas stocks de peixe para 2025 e 2026, aplicable nas augas da UE e, no caso dos navíos de pesca da UE, en certas augas non pertencentes á UE.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Programa de traballo da Comisión 2026: O Momento da Independencia de Europa.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Estratexia de renovación xeracional na agricultura.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Visión global da UE en materia de clima e enerxía: Asegurar o papel competitivo de Europa nos mercados mundiais e acelerar a transición para unha enerxía limpa.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO EUROPEO E AO CONSELLO Preservar a paz: Guión para a preparación da defensa en 2030.
- COMUNICACIÓN CONXUNTA AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS O Pacto para o Mediterráneo: Un Mar, un Pacto e un Futuro.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO: Aplicar a Estratexia de IA.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO: Unha Estratexia Europea para a Intelixencia Artificial na Ciencia - Preparar o terreo para o Recurso para a Ciencia da IA en Europa (RAISE).
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO, AO COMITÉ ECONÓMICO E SOCIAL EUROPEO E AO COMITÉ DAS REXIÓNS Unión da Igualdade: Estratexia para a Igualdade das Persoas LGBTIQ+ 2026-2030.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre a implementación do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- RELATORIO DA COMISIÓN 2024 RELATORIO ANUAL SOBRE A IMPLEMENTACIÓN DOS PRINCIPIOS DA SUBSIDIARIEDADE E DA PROPORCIONALIDADE E SOBRE AS RELACIÓNS COS PARLAMENTOS NACIONAIS.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Transportes

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-218/24](#), resolveu, sobre a responsabilidade dos transportistas aéreos, que os animais de compañía non están excluídos do concepto de «bagaxe».

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-469/24](#), resolveu, sobre as viaxes organizadas, que en caso de execución incorrecta do contrato, o viaxeiro pode ter un reembolso total, aínda que lle teñan sido prestados determinados servizos. É o que acontece cando a execución incorrecta dos servizos de viaxe for tan grave que a viaxe organizada deixa de cumprir o seu obxectivo e deixa obxectivamente de ter interese para o viaxeiro.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-399/24](#), resolveu que o impacto dun raio nun avión pode constituír unha circunstancia extraordinaria que pode eximir a compañía aérea da obrigaçión de pagar unha indemnización por cancelación ou atraso prolongado cando iso dá lugar a inspeccións de seguranza obrigatorias que fan que o avión volte ao servizo con atraso.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Transportes

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)4019] por non harmonizar plenamente a súa lexislación co dereito da UE en materia de servizos aéreos. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Servizos financeiros

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envío dunha carta de emprazamento a España [INFR(2025)2140] por non adoptar e notificar á Comisión as medidas de transposición para o seu dereito das alteracións á Directiva sobre a firmeza da liquidación (Directiva 98/26/CE) e á segunda Directiva sobre servizos de pagamento [Directiva (UE) 2015/2366], introducidas polo Regulamento relativo a pagamentos inmediatos [Regulamento (UE) 2024/886]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2025)0049] por non traspasar plenamente a Directiva relativa ao troco de informacións entre os servizos de seguranza e os servizos aduaneiros dos estados membros [Directiva (UE) 2023/977]. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2018)2197] por non traspasar debidamente para o seu dereito a Directiva 2011/93/UE, relativa ao combate contra o abuso sexual e a explotación sexual de menores e a pornografía infantil. España dispón agora de dous meses para remediar a situación e responder á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Consumo familiar real per cápita.
- Déficit público axustado estacionalmente na eurozona.
- Débeda pública.
- Déficit público na eurozona.
- Produción na construción.
- Inflación anual na eurozona.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurzona.
- Produción industrial.
- Produción nos servizos.
- Superávit en conta corrente da UE.
- Taxa de aforro das familias na eurozona.
- Volume de comercio retalista.
- Prezos da produción industrial.
- Prezos da vivenda na eurozona.
- Desemprego na eurozona.

Outros datos

- Familias con dificultades económicas.
- Exportacións de servizos por grandes empresas.
- Produción interna.
- Produción e comercio de pasta.
- Atonía do mercado laboral.
- Índice de pobreza subxectiva.
- Persoas en risco de pobreza ou exclusión social.
- Residuos de embalaxes de plástico.
- Situación líquida das administracións públicas.

- PIB por habitante.
- Estatísticas básicas.
- Pernoitas turísticas.
- Desperdicio de alimentos.
- Peticións de asilo.
- Mortes en accidentes aéreos.
- Crianzas con necesidades médicas non atendidas.
- Accidentes profesionais.
- Taxa de emprego.
- Valor acrescentado das empresas.
- Nacementos e mortes de empresas.
- Viaxes dentro da UE.
- Voos comerciais.
- Protección temporal.
- Comercio de produtos de enerxías verdes.
- Incidentes de seguraza informática nas empresas.
- Horas de traballo.
- Taxa de educación superior.
- Comercio de automóbiles eléctricos e híbridos.
- Prezos da vivenda e alugueres.
- Docentes e ratios na educación primaria e secundaria.
- Persoas vellas dependentes.
- Pernoitas reservadas a través de plataformas en liña.
- Devolucións a terceiros países.
- Coidados formais das crianzas.
- Cota de enerxías renovables.
- Comercio de produtos químicos.
- Mortes por doenzas cardiovasculares.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorios anuais relativos ao exercicio 2024.
- Relatorio Especial 21/2025: Apoio do MRR á melloría do ambiente empresarial.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

A economía social na vida dos europeos

Esta sondaxe especial do Eurobarómetro demostra que a importancia da economía social é amplamente recoñecida, con 75 % das persoas consultadas a recoñeceren a súa importancia para o benestar da sociedade no seu estado. Consecuentemente, unha maioría significativa apoia políticas para o desenvolvemento da economía social, incluíndo a creación de estratexias e lexislación específicas para apoiar organizacións de economía social (88 %), iniciativas de sensibilización (86 %), asistencia para axudar as persoas a crear organizacións de economía social (86 %) e apoio financeiro directo do sector público (80 %). Por outro lado, 93 % dos cidadáns da UE consideran que as empresas deben guiarse polos valores da economía social, como o foco en obxectivos sociais e ambientais, a redistribución do lucro e a operación con estruturas de gobernanza democráticas.

Sondaxe sobre Redes Sociais 2025

O inquérito examina as actitudes en relación a temas chave como: hábitos e fontes de información para asuntos sociais e políticos actuais, padróns de utilización das redes sociais e preferencias para información sobre asuntos actuais, exposición e resposta á desinformación e confianza nos mensaxeiros, seguimento de «influencers» e creadores de contidos nas redes sociais, audiencia e preferencias por contas institucionais e contido político nas redes sociais, e formatos e tipos de contido preferidos para contido político nas redes sociais.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Kosta, Eleni, e Franziska Boehm, eds. 2024. *The EU Law Enforcement Directive (LED): A Commentary*. Oxford: University Press. <https://doi.org/10.1093/law/9780192855220.001.0001>.

A [Directiva 2016/680](#) é o primeiro instrumento xurídico da UE que regula de forma abrangente a utilización de datos persoais polas autoridades policiais, creando un padrón mínimo de protección da privacidade en toda a UE. Xuntamente co [Regulamento Xeral sobre a Protección de Datos \(RXP\)](#), está no cerne da reforma xurídica da lexislación de protección de datos da UE. Aínda que adoptada ao mesmo tempo que o RXP, a directiva non recibiu a mesma atención a nivel académico, a pesar do seu impacto significativo e da súa implementación controversa nos estados membros. Este libro fornece un comentario artigo a artigo sobre a directiva, cunha análise detallada das súas disposicións legais, con base en xurisprudencia e estudos académicos relevantes para iluminar os principais aspectos e as complexidades de cada disposición. Analiza as transposicións da directiva, tendo en conta o RXP e os regulamentos sobre o tratamento de datos persoais por institucións, organismos, servizos e axencias da UE. Para un maior contexto, inclúe capítulos introdutorios sobre o contexto e a evolución da directiva, sobre o Consello da Europa e sobre o impacto do *brex*.

Dobre, Daniela. 2025. *La independencia del Banco Central Europeo: Fundamentos constitucionales de un régimen jurídico en transformación*. Las Rozas: Aranzadi.

A través dunha análise teórica e práctica exhaustiva, este libro explora a evolución do estado constitucional pos-Segunda Guerra Mundial e a adopción da racionalidade técnica como resposta aos desafíos económicos e sociais contemporáneos. A obra ofrece unha análise da transformación do estado constitucional e da racionalidade técnica no contexto europeo; un estudo dos fundamentos e da lexitimidade dos bancos centrais; unha reflexión sobre a estabilidade financeira e o papel da Unión Bancaria na eurozona.

Faggiani, Valentina, e Francisco Javier Garrido Carrillo, eds. 2025. *Avances en el desarrollo de la inteligencia artificial: Principios éticos y democráticos, concreciones normativas en la Unión Europea, y límites para las administraciones públicas*. Las Rozas: Aranzadi La Ley.

Os sistemas de Intelixencia Artificial (IA) son unha ferramenta de extraordinario interese cuxa actividade dinámica e transformadora impacta directamente na arquitectura xurídica básica do estado de dereito, afectando potencialmente os dereitos fundamentais e a tutela xudicial efectiva. Neste sentido, son necesarias unha reflexión serena e un firme compromiso co establecemento de límites, controis e garantías. O presente libro ofrece unha análise profunda da relación entre ética e IA para comprender como os sistemas de IA poden actuar eticamente. Inclúese unha análise crítica da interferencia dos algoritmos nos procesos democráticos e das súas consecuencias, así como o impacto de tales sistemas nos procesos xudiciais, especialmente na xustiza penal. Neste contexto, o estudo do dereito comunitario da IA ([Regulamento \(UE\) 2024/1689](#)), así como a cooperación das axencias eu-LISA, Eurojust e Europol, ofrece as chaves e as prioridades da estratexia da UE para construír un ecosistema de garantías baseado nunha abordaxe antropocéntrica. Finalmente, concrétase o impacto e o posible ámbito de acción no establecemento de normas comunitarias en materia de dereitos de autor perante os desafíos creados pola IA, no desenvolvemento dunha administración automatizada, co foco no caso italiano, e os riscos da utilización da IA na transformación dos servizos públicos sociais e de saúde.

Outras obras

Fromage, Diane, Adrienne Héritier, e Paul Weismann, eds. 2025. *EU Regulatory Responses to Crises: Adaptation or Transformation?* Oxford: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/9780198913825.001.0001>.

Os últimos anos, asistimos a unha serie de crises que, a nivel da UE, afectaron fortemente os seguintes dominios: Unión Económica e Monetaria, regulación e supervisión financeira, política de saúde, axudas estatais, política enerxética, política migratoria e política externa e de defensa. Como resposta a estas crises, a regulamentación da UE desenvolveuse de varias formas. Estas mudanzas — esencialmente introducidas só con base no dereito derivado — tiveron unha dimensión institucional, afectando tanto a forma e a natureza das regras — como o uso crescente de regras non vinculantes («soft law») — como o proceso de elaboración das regras en si. Outras dimensións desta mudanza refírense á cooperación cos organismos dos estados. Por outro lado, reconsiderouse a sustancia das regras existentes (incluíndo o dereito primario) en resposta a contestacións sen precedentes. Neste sentido, verificouse un desvío na práctica do sistema de Dublín en relación á distribución de refuxiados, e a UE enbedouse considerablemente após a pandemia. Este libro presenta un relato destes desenvolvementos en relación a cada un dos campos políticos enriba referidos, así como dunha perspectiva horizontal.

Hoffmeister, Frank, e Lóránt Havas, eds. 2025. *The High Representative of the Union for Foreign Affairs and Security Policy as a Legal Actor: Liber Amicorum in Honour of Stephan Marquardt*. Leiden: Brill Nijhoff. <https://doi.org/10.1163/9789004700635>.

O Alto Representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguraza conduce a política externa da UE e coordina as relacións externas no ámbito da Comisión Europea. O presente volume presenta información sobre o seu papel perante o Tribunal de Xustiza da UE e a xurisprudencia relacionada. Analiza tamén o papel da UE en varios dominios clásicos do dereito internacional, como o litixio no Tribunal Internacional de Xustiza, a negociación de novas regras sobre crimes contra a humanidade, as empresas e os dereitos humanos ou a creación dun tribunal especial para a agresión contra a Ucraína. As contribucións á obra serán de interese para os xuristas da UE especializados en relacións externas e en dereito internacional público.

Mafart, Jean. 2025. *La politique européenne de sécurité intérieure*. Bruxelas: Bruylant.

A UE desempeña hoxe un papel considerable na seguraza interna, sexa a través das súas axencias, dos seus sistemas de información, da cooperación policial, da harmonización do dereito penal entre os estados membros ou da protección das súas fronteiras externas comúns. O presente libro presenta a política comunitaria de seguraza interna, a cal continúa a ser moi pouco coñecida, a pesar dos considerables recursos que lle son asignados e do seu impacto directo e tanxible na nosa vida cotiá.

ACTIVIDADES DO CEDE

Presentación para estudantes de posgrao

O persoal do CEDE realizou unha presentación para estudantes de posgrao da USC, co obxectivo de familiarizalos coas principais plataformas en liña da UE relacionadas coa lexislación e a xurisprudencia comunitarias. Entre outros sitios, mostrouse o funcionamento básico de [EUR-Lex](#) e [Curia](#).